



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE MARZO DE 2024, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente :	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as :	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de marzo de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28/02/2024).

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 28/02/2024 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Dar conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2023.

Antecedentes

Consta no expediente 2024/T019/000001

- Provisión da alcaldía do 26 de xaneiro de 2024 de incoación do procedemento para a confección e aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2023.
- Informe da secretaria do 26 de febreiro de 2024 en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir.
- Informe da intervención do 28 de febreiro de 2024, de conformidade co esixido no artigo 191.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que incorpora os seguintes anexos:
 - o Anexo I “Estado de liquidación do orzamento de gastos”
 - o Anexo II “Estado de liquidación do orzamento de ingresos”
 - o Anexo III “Resultado orzamentario”
 - o Anexo IV “Remanentes de crédito”
 - o Anexo V “Estado do remanente de tesouraría”



- Informe da intervención do 29 de febreiro de 2024 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do cumprimento da regra de gasto e da débeda pública.

Fundamentos xurídicos

De conformidade cos artigos 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 89 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, *o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesouraría Local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións. As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.*

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos, en base as atribucións que me outorga a lexislación vixente:

RESOLVO

Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio económico 2023 cos estados que forman parte do expediente de liquidación, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade:

- Resultado orzamentario axustado positivo de 92.973,62 euros, o que supón unha situación de superávit derivada da execución do orzamento do exercicio 2023.
- Remanente de tesourería para gastos xerais negativo de -661.220,23 euros o que amosa unha falta de capacidade económica (liquidez) para facer fronte as obrigas contraídas.
- Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010 (regra fiscal en suspensión por acordo consello de ministros 26.07.2022).
- Incumplimento do obxectivo da Regra do Gasto, entendido como a situación na que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do PIB correspondente a este exercicio (regra fiscal en suspensión por acordo consello de ministros 26.07.2022).
- Cumprimento do límite de débeda segundo o artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo: Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, de acordo co establecido nos artigos 193.4 del Texto Refundido de la Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 90.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro: Remitir copia da mesma a través da plataforma da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas entidades locais, antes de finalizar o mes de marzo de conformidade co establecido na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”



O Pleno dáse por informado.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción presentada polo Grupo Municipal do BNG para presentar alegacións ao proxecto de Altri.

Declárase a urxencia da mesma, que é aprobada por unanimidade.

No DOG do día 4 de marzo de 2024 saíu publicado o anuncio da Secretaría Xeral de Industria polo que se somete a exposición pública a AAI, o EIA, a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa promovida por Greenfiber S.L. no concello de Palas de Rei. (proxecto Altri).

Se ben no concello de Vedra non hai unha afectación directa polas infraestruturas deste proxecto, non se pode decir o mesmo dos seus efectos de implantarse.

Vedra non quedaría libre dos impactos desta industria por canto afectaría moi seriamente ao río Ulla, verdadeira arteria vital do concello:

- Afectación ao seu caudal ao prever un consumo de 46.000m³ /día (máis do10% do volume medio de auga do encoro de Portodemouros).
- Afectación ao bo estado das augas ao soportar unha vertedura de 30.000m³ /día de augas industriais.
- Empeoramento da calidade das augas dos tres encoros superpostos (Portodemouros, Brandariz e Touro) e maior risco de eutrofización das súas augas por menor caudal e maior temperatura.

É evidente que todos estes efectos negativos serán trasladados augas abaixo causando un impacto do río Ulla moi severo, empeorando a calidade das súas augas e comprometendo o caudal en épocas de estiaxe.

Polo exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1. O concello de Vedra elaborará e presentará alegacións a este proxecto polas súas afeccións ás augas do río Ulla.
2. Ditas alegacións serán presentadas nunha xunta de portavoces para que as coñezan todos os grupos políticos antes de presentalas.

O Sr. Pose, do BNG, di que é unha moción para que se realicen as alegacións que se estimen oportunas.

O proxecto nace a raíz da pandemia como un proxecto tractor e foi votado a favor dúas veces por unanimidade no Parlamento de Galicia.

O problema xorde cando realmente aparece a finais do 2023 a solicitude de captación de augas do Ulla e a solicitude de autorización ambiental integrada. O que se presenta xa non é o proxecto circular que se propoñía no seu momento. De repente aparecen 400 toneladas de celulosa fluída , 200 toneladas para producir tecido de celulosa e ademais atopáronse con que a empresa Altri nin sequera posúa a patente para xerar este tipo de tecidos, xa que é austríaca.

O problema actual é que pretenden crear unha industria de pasta dunhas dimensións titánicas que multiplica por catro o tamaño de Ence, no medio de Galicia.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A presión que este tipo de instalacións poden xerar sobre a masiva plantación de eucalipto no territorio é totalmente imprevisible. Hai unha demora ata o 2030 de eucalipto que non se está a cumprir, que a lexislación galega non é capaz de cumprir e non hai ningún interese histórico en que se cumpra. Existe suficiente eucalipto en Galicia para subministrar a este proxecto sen necesidade de xerar unha soa hectárea máis. Este tipo de industrias non se van conformar co eucalipto que hai, senón que precisan un eucalipto aínda máis barato, polo que é previsible que aumente, porque canta máis produción, máis barato será.

Galicia é un dos grandes produtores de conífera, sendo fundamental para o sector da madeira en Galicia e a industria relacionada con ela é moi potente. Se aumenta a produción de eucalipto en Galicia ten que ser a costa da conífera. Comezan a pechar empresas relacionadas coa conífera no sur de Galicia, porque esta desaparece.

Tamén é un problema grave o consumo de auga. É unha empresa que vai consumir a auga que se consume en todo Lugo nun día, 46.000 m³ ao día. Fáiselle unha concesión a esta empresa por 75 anos o que supón practicamente o caudal do Ulla. Se hai un fallo un só día nese sistema o Ulla desaparece como tal e a auga que devolve ao río ten un certo índice de contaminación.

Todo o Val do Ulla, e en concreto Vedra, vive sobre unha lagoa subterránea, o manto acuífero do Ulla. Calquera contaminación do Ulla vai terminar danando ese acuífero.

Existe un problema máis. Cando se producen fibras téxtiles hai que producir unha celulosa soluble e ese mesmo produto vale para facer pasta de papel ou para facer tecidos con esas patentes austríacas. Para poder pechar o ciclo hai que xerar os fíos e confeccionar as prendas. Este proxecto, que non é o orixinal, supón quedarse coa parte do mesmo que xera máis problemas de carácter medioambiental, que xera máis contaminación e a parte que ten un valor engadido vaise fóra do país.

Recorda que a moción é para que se presenten alegacións dende o concello e solicita o voto a favor.

A Presidencia di que a diferenza básica entre PP e BNG é que aínda que cumpra toda a normativa medioambiental, o BNG está en contra, e o PP non. O PP busca a máxima esixencia posible e se a cumpren non van estar en contra do proxecto.

Existe unha lexislación a nivel de patrimonio, de augas, de medio ambiente moi estrita e confía en que se vaia aplicar e esixir, de tal maneira que se ese proxecto non cumpre ou non garante o cumprimento da mesma, está convencido de que non vai obter os permisos para levalo adiante.

Se cumpren estritamente a normativa que se lles esixe e garanten que non vai afectar a curto, medio e longo prazo á conca fluvial Ulla-Deza, esa Rede Natura 2000 que os ampara, nin á calidade da auga, dende logo non se van opoñer a que veñan inversións a Galicia que xeren emprego e riqueza e sexan respectuosas co medio ambiente.

Son os técnicos das distintas administracións os que avalían este proxecto e está convencido que van ser aínda máis exhaustivos cas esixencias neste caso concreto e serán moi exquisitos á hora de dar o visto bo ou non.

Nese aspecto está tranquilo, máximo cando están sometidos a unha tramitación ambiental na que todo o mundo pode presentar alegacións (cidadáns, concellos, grupos políticos, etcétera).

En canto á auga, cónstalle que neste proxecto deben garantir ese balance hídrico que teñen que ter os ríos afectados. Na xestión da auga o máis importante é o consumo humano, polo que calquera actividade que precise desa auga, analízase en detalle e permitíranse aqueles proxectos



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



que sexan compatibles con toda esa normativa e coa súa dispoñibilidade e preservación da calidade da auga. A administración ten a capacidade para establecer restricións, ben agora mesmo ou ben na vida útil do proxecto.

O seu grupo non vai votar a favor da moción, pero non porque non crean que non teñan que dicir algo. O que si van presentar é un escrito onde pedirán que na avaliación deste proxecto se esixa estritamente o cumprimento antes, durante e despois de toda a normativa medio ambiental, de augas, de patrimonio, etcétera aplicable á normativa autonómica, estatal e europea e que garanta a calidade das augas, recursos hídricos e por suposto a non afectación á conca fluvial Ulla-Deza.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo non está en contra de que haxa industria nova en Galicia, de que se xeren novos postos de traballo, pero sempre e cando se garanta a protección do medio ambiente. Cre que Europa vai ser moi esixente, e que ao vir de aí unha parte do financiamento vai ter un control exhaustivo. Si están preocupados polo que poida afectar no río Ulla.

Considera que dende o concello se debe facer algún tipo de alegación e estar pendentes do que poida suceder tanto antes de que se leve a cabo como cando se faga e a posteriori.

O que se presenta agora non ten nada que ver co proxecto inicial. Falábase de 2.500 empregos e agora xa son 700; falaban dunha fábrica de biofibras téxtiles e agora xa é unha celulosa en toda regra.

O Sr. Pose, do BNG, non entende que o concello vaia facer un escrito e que non aproben a moción para facer ese escrito.

Neste proxecto a promotora pon só o 50% dos cartos que custa; Europa pon un 20% e Altri unha pequena parte do 30% restante.

Dubida que un proxecto deste tipo que non cumpre os criterios que solicita Europa de sostibilidade sexa financiado pola mesma.

Espera que os informes de IA veñan de institucións europeas e non da Xunta como os dos viñedos, mina de Touro, etcétera. Por sorte neste estudo de IA teñen dereito a achegar alegacións, non como nos das hectáreas de viñado.

Se o concello vai facer un escrito, o máis sensato é que aproben esta moción.

A Presidencia di que seguen confiando en que os técnicos e expertos das distintas administracións van ser moi esixentes e estritos.

O grupo de goberno vai presentar, sexa en formato alegación ou en formato petición, un escrito no que diga que non están en contra desas inversións, pero o que si queren é que cumpra estritamente e se garanta o cumprimento estrito de toda a normativa medioambiental e doutros tipos.

Hoxe na prensa, CCOO en Galicia “advirte que retrasar o proxecto por motivacións infundadas é unha condena para unha comarca a punto de morrer pola despoboamento e a falta de industria. A Federación de industria de CCOO en Galicia, durante a súa reunión extraordinaria celebrada onte na Coruña mostrou o seu apoio ao proxecto de fábrica de celulosa e fibras téxtiles que se prevé construír en Palas de Rei e pediu cordura e diálogo no debate sobre o mesmo.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



O sindicato cre que neste proxecto os prols en termos de emprego e fixación de poboación no rural son superiores aos posibles contras do lado ambientan que tampouco ven claros.

A Ulloa precisa este proxecto. Falamos dunha comarca que perdeu máis do 20% da súa poboación nos últimos 20 anos, con máis dun 40% de poboación maior de 60 anos e unha renda media un 10% menor á galega.

Este proxecto industrial xerará moito emprego na comarca e incrementará os prezos da madeira que se paga a máis de 100.000 propietarios forestais, nun territorio que xa ten plantadas 650.000 hectáreas de eucalipto e non é necesario plantar máis para subministrar a esta planta.

Por outra banda, supón un importante efecto tractor sobre o sector téxtil cun forte potencial de relocalización de obradoiros téxtiles na comunidade”.

Posta a votación, rexéitase con oito votos en contra do PP e cinco a favor do BNG e PSdeG-PSOE.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a plantación de viña intensiva que se está a facer en San Xián de 22 hectáreas, a Presidencia di que contestará no próximo pleno.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto das viaxes da Presidencia, di que xa estaba contestada no pleno do mes de decembro.

Cinguíndose á resposta xa dada, engade que do 10 ao 15 de febreiro estivo de viaxe en Bulgaria con motivo do proxecto internacional que capitanea Vedra. Na súa ausencia quedou como Alcalde-Accidental o Sr. Costa Carneiro.

O resto de desprazamentos a Madrid con motivo das reunións da FEMP, di que son dun día de duración ou como máximo dous. Nestes casos non fai delegacións porque pode asinar dende o teléfono. Se por algún motivo non estivera operativo nalgunha desas viaxes, xa a principio da lexislatura se fixo unha delegación permanente e xenérica para días puntuais no Sr. Vázquez Martínez.

Anuncia que se vai ausentar do 6 ao 10 de abril por uns días de vacacións debido a un tema persoal.

2º.- Sobre o tema da gardería municipal, di que no curso escolar actual 2023/2024 no prazo de solicitudes establecido no regulamento da EIM (do 16 ao 31 de marzo) non quedou ningún menor sen praza.

Houbo 43 solicitudes entre renovacións e novo ingreso, sendo todas aceptadas.

A adxudicación de prazas faise de acordo co regulamento da EIM, aplicado o baremo nel previsto e tendo en conta a limitación de alumnado por aula e a normativa de inspección en materia de reagrupamentos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Quedaron neste momento 8 prazas vacantes: 2 prazas para o rango de 2 a 3 anos, 1 praza para o rango de 1 a 2 anos e 5 prazas para o rango de 0 a 1.

A normativa reguladora da EIM esixe a reserva de 3 prazas (unha por nivel) para os casos de menores en situación de emerxencia ou de exclusión social.

Fóra de prazo foron concedidas por Decreto de Alcaldía, respectando o baremo establecido no regulamento da EIM:

No mes de xullo: 6 prazas (2 no rango de 2 a 3 anos; 1 no rango 1 a 2 anos e 3 prazas no rango de 0 a 1 anos). Quedaron vacantes 2 prazas na aula de 0 a 1 anos.

No mes de outubro: 1 praza por emerxencia social na aula de 0 a 1 anos.

No mes de decembro: 1 praza na aula de 2 a 3 anos. Fíxose unha consulta a inspección para coñecer se era posible a concesión de praza en horario no que había viabilidade de acordo co cociente, debido a que na aula de 2 a 3 anos había un menor que acudía soamente en horario de tarde, polo que en horario de mañá só estaban presentes na aula 19 alumnos dos 20 que hai nese rango de idade. A inspección respondeu de forma afirmativa sempre que se puidera garantir a asistencia e sempre que non coincidiran no tempo. Procedeuse a conceder 1 praza na aula 2 a 3 anos con horario de mañá e limitada a unha asistencia de 4 horas (de 10 a 14 horas) para poder cumprir o cociente.

1 praza na aula de 0 a 1 anos (a última existente).

A día de hoxe non hai dispoñible ningunha praza en ningún tramo de idade. Se se presenta un caso de emerxencia social ou algún dos menores obtén o recoñecemento do grao de discapacidade (pasaría a ocupar 2 prazas), habería que reportar á inspección esta situación e quedar supeditados ás consecuencias que eles indicasen.

A distribución por aulas faise de acordo co regulamento da EIM e as instrucións para o reagrupamento aprobadas polo servizo de inspección en cumprimento da normativa autonómica que regula o funcionamento das Escolas Infantís: aula de 2 a 3, menores nados no ano 2021 - 20 prazas. Aula de 1 a 2, menores nados no ano 2022 - 13 prazas. Aula de 0 a 1, menores nados no ano 2023 - 8 prazas. Aula mixta, menores nados a finais de 2022 e a inicios do 2023.

De acordo coas datas de nacemento do alumado, tivo que ser un aula mixta de 0-2 anos. As instrucións para o reagrupamento do servizo de inspección limita o número de prazas a 10.

A día de hoxe hai 12 solicitudes fóra de prazo en listaxe de agarda, á espera de dispoñibilidade de praza para o presente curso 2023/2024: 8 solicitudes de menores empadroados en Vedra e 4 solicitudes de menores empadroados noutros concellos.

Todas estas solicitudes foron presentadas fóra do prazo. No suposto de que se produza algunha baixa, procederase a aplicar o baremo previsto no regulamento da EIM para a adxudicación desa praza no rango de idade correspondente.

Para o curso próximo 2024/2025:

O prazo de solicitudes estipulado no regulamento da EIM segue a ser do 16 ao 31 de marzo, ambos incluídos. Unha vez rematado este prazo asignaranse as prazas de acordo co regulamento da EIM e as instrucións para o reagrupamento aprobadas polo servizo de inspección.

A día de hoxe aínda non se coñece o número total de solicitudes que se presentarán debido a que o prazo está aberto ata o 31 de marzo incluído. Obviamente non se pode prever os menores que van a nacer fóra de prazo nin destes cales estarán interesados en solicitar praza.

A distribución do alumnado por aulas realizase de acordo coa data de nacemento, segundo o contemplado na normativa vixente:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Tramo 0 - 1 anos (8 prazas): Nados no ano 2024.

Tramo 1 – 2 anos (13 prazas): Nados no ano 2023.

Tramo 2 – 3 anos (20 prazas): Nados no ano 2022.

Aula mixta: Número de prazas varía en función da data de nacemento das solicitudes que se presenten e de acordo coas instrucións para reagrupamentos feita pola inspección de escolas infantís da Xunta de Galicia.

En todo caso, hai que ter en conta que a normativa reguladora da EIM esixe a reserva de 3 prazas (unha por nivel) para os casos de menores en situación de emerxencia ou de exclusión social.

Respecto á aula compartida Vedra – Boqueixón, nestes momentos é inviable de acordo coa normativa reguladora de escolas infantís e da distribución de competencias entre entidades locais e Xunta de Galicia. A constitución de calquera servizo de forma mancomunada está limitado pola Lei de Bases de Réxime Local.

A constitución dunha nova aula está regulada pola normativa autonómica en materia de escolas infantís e supeditada á concesión do permiso de actividades, así como da necesidade de dotar o espazo, máis persoal traballador (como mínimo 1 educador/a e 1 auxiliar de aula) e a variación no contrato de licitación do servizo.

Desde o momento no que se decretou a gratuidade nas garderías pasouse de ter prazas vacantes a que agora non as haxa.

3º.- Sobre as axudas para material escolar, di que xa está contestada

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a cando se prevé que se vai executar unha senda peonil que se ía facer en San Fins dende a ponte da autoestrada ata o serradoiro de Bouzas, a Presidencia di que xa tiña que estar executada. Este ano non vai ser posible facela e incluírse no próximos orzamentos.

5º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose, do BNG, pregunta:

1º.- Roga que a próxima vez que o concello saque un concurso de subministración eléctrica, ademais sendo un concello que pertence á Rede Europea das cidades verdes, teña a precaución de incluír unha maior porcentaxe de renovables. O normal é que se solicite arredor dun 70% de renovables e non un 25%.

2º.- Relacionado coas illas enerxéticas, solicita a recuperación dalgún dos proxectos de suficiencia enerxética que lles leva presentando o BNG dende hai anos. Se algún deses proxectos presentados estivesen funcionando e algúns edificios públicos tiveran subministración eléctrica de enerxía fotovoltaica, podería permitir xerar unha illa enerxética municipal.

3º.- Roga que o Sr. Vázquez a próxima vez escolla mellor ás persoas coas que sae nun vídeo colgado nas redes sociais, porque unha desas persoas está investigada por corrupción e outra non é concelleira, senón deputada.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita que se amplíe o orzamento das axudas ao transporte no concello de Vedra porque levan sen subir cando menos cinco anos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2º.- Participou nos actos celebrados con motivo do 8M. este ano escoitou no salón de plenos municipal por parte dunha convidada a eses actos un discurso machista absolutamente desfasado e fóra de lugar.

Agradece as desculpas en privado da concelleira de igualdade, aínda que cre que non son suficientes. Cre que se debería convocar a mesa de igualdade e solicitar o consenso para futuras invitacións.

3º.- Roga que se executen as obras do POS que xa están aprobadas e licitadas. Hai moitos veciños que teñen problemas de picadas na rede de estradas municipais debido ao estado das mesmas.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Respecto ás axudas do ensino, practicamente queda o 50% dos solicitantes fóra. Solicita que amplíen o orzamento ou as repartan doutra forma. Non é normal que haxa 42 solicitudes concedidas e 39 denegadas.

2º.- Solicita o arranxo das pistas municipais.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.